



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, **corresponde elixir no presente proceso electoral a 5 profesores/as, dun total de 7, que debe ter o Consello Escolar**. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.
2. O censo electoral do profesorado está exposto dende o día de hoxe no taboleiro de anuncios da sala de profesores do centro.
3. **As candidaturas poderanse presentar a partir do 11 de novembro ata as 14:00 horas do día 21 de novembro segundo o modelo que se facilitará na Secretaría (oficina).**
4. A mesa electoral estará formada pola Directora do centro, que actuará como presidenta, e os/as profesores/as de maior e menor idade, actuando este/a último/a de secretario/a.
5. **Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de 4 da lista de candidatos/as.**
6. O voto será directo, secreto e non delegado.
7. Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración dun claustro extraordinario para a elección dos mesmos, **convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o mércores, 16 de novembro, ás 16:30 horas (telemático).**
8. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.
9. **As votacións para a elección de novos membros serán o martes, 29 de novembro ás 10:25 en Claustro Extraordinario (presencial).**

A Estrada, 10 de Novembro de 2022.

A DIRECTORA DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,